

Comentarios subidos no blog do I. Sánchez Cantón no curso 2012-2013
Non hai noite tan longa

Cando lín o título do libro na lista das lecturas de este ano resultoume moi familiar, tiña a sensación de que xa oíra ese nome antes, foi despois cando me decatei de que o tiña na miña casa. E por esta razón empecei as lecturas de este ano por esta novela. Ao ver na portada unha fotografía en branco e negro deducín que a historia transcorrería bastantes anos atrás, sen embargo cando comecei a ler dinme conta de que me equivocaba. Unha violación durante a época da ditadura franquista, un culpable dubidoso e un sentimento de vergoña obrigan ao protagonista desta historia a fuxir a Francia na procura dunha vida tranquila, lonxe do sufrimento do seu pasado. Pero o que este non espera é volver á súa antiga vila con motivo do enterro da súa nai e atoparse coa pantasma daquel home que acusaran de violación facía máis de trinta anos, atoparse co seu pai. Estas son as claves de, na miña opinión, unha das mellores novelas de Agustín Fernández Paz. Esta fascinante historia, está contada en primeira persoa polo protagonista conseguindo deste modo unha maior implicación do lector no transcurso dos acontecementos. Así mesmo, a escrita é clara e sen pretensións, unha escrita que incita a seguir lendo, xa que, unha vez que comezas, a historia absórbete e necesitas seguir pasando páxinas ata descubrir como se resolve a trama. Precisamente, na miña opinión, a resolución da trama podería ser, tal vez, bastante predicible, algo típico nos libros de Agustín Fernández Paz. Isto débese a que é común que nas súas novelas haxa algo de crítica á sociedade, denuncia das inxustizas. E, neste caso, a época na que ten lugar a historia é idónea para iso, non só porque é moi recente, senón porque existen numerosos casos como o que se relata en "Non hai noite tan longa". É dicir, persoas acusadas de algún delito sen apenas probas, soamente pola súa forma de pensar, na maioría dos casos contraria ó réxime. Ademais da historia principal, que é a investigación realizada por Gabriel para descubrir ao verdadeiro culpable da violación, na novela aparecen varias subtramas, como a relación do protagonista coa súa irmá Elsa, e coa súa sobriña, Milena, ou os encontros con antigos amigos da vila. Tamén se menciona á muller de Gabriel, Christine, e ás súas fillas, Pauline e Claire. Algo que me chamou a atención de esta novela, que descubrín ao ler a información que está escrita na contraportada, foi o seu título, "Non hai noite tan longa". Forma parte dunha frase de Macbeth, de Shakespeare: "Reunide todo o ánimo que poidades. Que non hai noite tan longa que non remate en día". Unha frase alentadora que resume perfectamente a esencia desta historia e que mesmo se podería aplicar aos tempos difíciles que estamos a pasar. En conclusión, creo que este é un libro moi recomendable porque, a pesar da súa longa extensión en comparación con outros de lectura voluntaria, é moi doado de ler, pero sobre todo, porque relata unha historia preciosa, algo triste, pero á vez alentadora. (**Irene**)

O comezo do libro, exactamente o primeiro capítulo, é un salto cara o futuro (ou flash-forward) que fará que Gabriel, protagonista deste libro, cambie a idea que tiña de non regresar baixo ningún concepto a Monteverde máis que para presenciar o enterro da súa nai. O que provoca este cambio en Gabriel é a repentina aparición do seu defunto pai na casa onde viviu ata os dezoito anos antes de fuxir a París. Aínda que sucedan moitas máis cousas ao longo do libro, poderíase dicir que a causa principal que faga que exista a historia é esta aparición, estando entón o esquema clásico da acción alterado polo recurso "in media res", onde a historia se desenrola a partir do conflito que se presenta inicialmente. O narrador participa de xeito interno, sendo Gabriel o narrador-protagonista da historia, o que esixe unha narración en primeira persoa. Ao tratárense do protagonista, o narrador expresa todos os seus sentimentos e mesmo ofrece unha visión de omnisciencia editorial cando se trata de personaxes alleos a el. Gabriel é o narrador protagonista e os secundarios son Elsa, a súa irmá, e ten moita importancia Maia que é a filla de Elsa e, polo tanto, a súa sobriña. Gabriel indaga na historia do seu pasado provocando a aparición de múltiples personaxes episódicos, aos que simplemente lles consulta datos que considera esenciais para a investigación pero os cales non volven aparecer. Todos e cada un dos personaxes teñen caracterización de redondos: presentan conflitos psicolóxicos, moi duros na súa maioría, e evolucionan. Sobre a reprodución do pensamento e palabras dos personaxes, na maioría do libro predomina un estilo directo rexido, no que Gabriel é o que conta como van xurdindo as conversacións e o que pensa cando lle están a falar. E por último, sobre o espazo, a historia ocorre na súa maioría en Monteverde. Aínda así, no principio e no medio da historia Gabriel atópase en París, o seu lugar de residencia habitual dende os dezoito anos. Para min, o detalle máis bonito deste libro ten que ver en dous aspectos coa súa portada; tanto co título coma co fondo. "Non hai noite tan longa"(título) é unha frase citada por Shakespeare que, aínda que non apareza completa como título, o autor a explica na

contaportada e no comezo do que chama Segunda Parte. A pasaxe completa é: «Reunide todo o ánimo que poidades. Que non hai noite tan longa que non remate en día», e fala da situación que vive Gabriel ao regresar de París co medo que lle produce ter que facelo, e é cando se da de conta de que as cousas cambian e de que nunca debeu fuxir e deixar á súa familia soa. A idea que collín de todo isto foi que aínda con todo o sufrido, algo que xa é moi malo non pode empeorar máis, soamente pode mellorar. O segundo é a portada: unha emblemática foto dunha muller de cor chamada Rosa Parks que aparece sentada no tren cun home branco detrás, ao que non lle cedeu o asento porque estaba farta de ceder e ceder, algunha vez tería que lle tocar non facelo. Grazas a isto, reformouse algunhas leis relacionadas coas diferenzas raciais en EEUU, en concreto coa xente de cor; cando todos estaban en contra, alguén atreveuse a lles facer fronte. A parte do libro que reflicte esta actitude é a do pai de Gabriel.

Por último, o libro é, na súa totalidade, unha crítica contra a situación que España viviu no século XX, especialmente algunhas familias ás que lles tocou prescindir dalgún membro, sufrir unha vergoña e rexeitamento sen motivo algún... O caso do pai de Gabriel é un típico do momento: é acusado inxustamente por unha violación do que non é culpable, aínda a violada sabe que non foi el, pero é un home que non ten medo de expresar o seu desacordo co Réxime, e isto custaralle tres anos de cárcere, a vergoña de toda a súa familia e mesmo a fuxida dun fillo ao estranxeiro que vivirá toda a vida atormentado co sucedido. Cando Gabriel atopa ao verdadeiro violador, pódense ver as verdadeiras razóns de todo o que pasou: o violador é un firme seguidor do Réxime e o pai foi maltratado no cárcere ata que tivo que admitir a súa falsa culpabilidade. Ao ler isto, sentín o inxusta que foi toda esta situación para moitísimas persoas que, como Rosa Parks, só querían que esta situación rematase. Tamén cabe destacar as tres violacións que sufriron tres mozas ás cales as detallan con moita dor, e o sentimento de inxustiza vai en aumento. **(Elena)**

O título desta novela é unha síntese do tema, xa que o protagonista (e mais algúns personaxes) sofren unha inqueda e algo de culpabilidade por mor dun suceso acontecido trinta anos antes. Todos os prexudicados cren que estes sentimentos non os van a abandonar nunca, pero como di o título (un estrato da obra de Shakespeare) non hai noite tan longa que non remate en día. Este libro ten un estilo moi persoal e peculiar ao cal tardei en afacerme, pero ao final rematou por gustarme moito. Quero destacar algúns aspectos do libro ou mesmo dalgún personaxe que me agradaron: unha das cousas que máis me sorprendeu foi a abundante descrición da obra, o autor describe a decoración das casas, as indumentarias ou aparencias dalgúns personaxes e mesmo a paisaxe dun xeito do que Gabriel, o protagonista e narrador, queda plasmado coma un home con moito sentido do gusto e que lle daba moita importancia ás imaxes. Isto provoca a sensación de ler algo delicado e pulcro.

Decateime ao analizar o texto de que esta 'delicadeza e pulcritude' que transmite o libro vese incrementada pola evolución constante da obra. O que quero dicir é que salvo no comezo, no que hai unha presentación, durante a meirande parte do libro, hai sempre o mesmo grao de acción, sen altibaixos, e por último, unha reflexión pequena sobre o acontecido. Ademais durante esta fase da novela na que transcorre a acción (o nó) o autor fai pequenos resumos da situación de cando en vez, nos adianta as citas que terá o noso protagonista, e presenta unha forma de traballar por parte de Gabriel moi metódica. Isto podería facer o libro sinxelo de máis, aburrido ou pausado, no canto, o que consegue a autor é crear unha redacción organizada e estruturada que fai da lectura un pracer.

Atopei moi interesante tamén o rol da historia nesta novela, así como a descrición da Galicia saída da ditadura, as testemuñas dos que viviron o cambio, etc. O autor salienta tamén a forma na que a xente cambia o seu xeito de pensar (que el denomina enfermizo) e o muda por un pensamento máis liberal, o que, precisamente, liberou aos españois e galegos neste caso.

Cabe destacar o xeito no que o autor introduce (coma quen non quere a cousa) algunhas palabras sobre persoas que na miña opinión son un exemplo de fortaleza e de condutas modelo coma: Rosalía de Castro, frei Martín Sarmiento, Rosa Parks... Gustoume porque, en certo modo, os presentaba coma se quixese que os lectores recapacitasen un pouco sobre estas figuras e, no meu caso, o conseguíu.

Encantoume o personaxe de Milena, e me pareceu un punto clave da obra. A razón é que tras pensalo un pouco, caín na conta do que se parecían Milena e a súa nai en moitas cousas. Cheguei á conclusión de que Milena é a persoa na que se houbera convertido a súa nai de non haberlle acontecido nada ao seu pai e de non vivir na ditadura. Así Milena e a súa nai son moi semellantes, pero a primeira ten menos medos, menos responsabilidades que a nai a súa idade e é quizais máis inocente.

Por último hai dous aspectos do final que vou comentar: o primeiro é a sensación de superioridade e de importancia que sente Gabriel ao poder enfrontarse a 'Fonsito'. Por fin pode, tras moito tempo, dicirlle algo á persoa que tanto se burlaba del. Ten que ser enfermizo aturar a alguén así. Considerarei este momento coma unha liberación por parte de Gabriel que consegue sentirse ao mesmo nivel (mesmo superior) aos da clase alta, que penso, fixeran moita meia no noso protagonista o cal se demostra no feito de que todavía con 50 anos lles teña carraxe.

O derradeiro punto é a importancia da conclusión que se pode tirar do final da obra: Só sendo valentes e enfrontándonos aos problemas podemos solucionar e superar as dificultades da vida, cousa da que, tardou o noso protagonista, Gabriel, trinta anos en decatarse.

Houbo moitas cousas que me gustaron do libro, a maioría delas de feito, pero hai dous elementos que non me gustaron nada: Ás veces, cando se reproducían diálogos de xeito directo, as palabras utilizadas parecían moi formais e correctas, o que daba unha sensación de irrealidade ao discurso. Pero o que menos me gustou foi que Gabriel enganase á muller. Como pode Gabriel, que tanto sentimento de culpabilidade tiña por haber faltado á súa familia, por haberlles sido desleal, enganar a súa muller e non ter remorsos? Pareceume, ademais de incongruente, unha mostra dunha personalidade débil, xa que ao principio dille que non a Milucha e ao final déitase con ela. O libro incide moito en como supera Gabriel os seus problemas, xa que el a miúdo pensaba que fora un irresponsable cós seus, pero remata poñéndolle os cornos a súa muller, realmente corrixiu a súa mentalidade? Este feito me molestou tanto que o libro me gustou moito menos. Malia o último comentario recomendo o libro. **(Silvia)**

Non hai noite tan longa é un libro de carácter social, xa que intenta facernos reflexionar sobre as consecuencias que teñan algunhas das nosas decisións así como mostrar o difícil que era a vida durante a ditadura franquista. O libro mostra certamente unha historia bastante peculiar, sobre todo no que se refire a personalidade do protagonista, Gabriel Lamas. Este home, duns cincuenta anos decidiu fuxir da súa aldea natal, Monteverde, por verse envolto nunha serie de desgracias familiares producidas pola ideoloxía da súa familia durante a ditadura franquista, en particular porque o seu pai foi declarado culpable dun crime que non cometeu. Esta falsa acusación esnaquizou a vida de toda a súa familia e borrou toda a felicidade das súas vidas, o que fixo que a idade de 18 anos Gabriel decidise fuxir para París tratando de esquecerse de todo o que o fixera sufrir e prometendo non volver nunca a súa vila. Sen embargo, a morte da súa nai e a un gran sentimento de culpabilidade fan que quede na aldea durante máis dun mes intentando resolver todos os asuntos que deixara pendentes cando marchou. Certamente, o desenvolvemento da historia non resulta moi auténtico, posto que o protagonista consegue resolver o caso do seu pai sen facer moitos sacrificios e sen ter que pensar moito, A pesar diso, o trama esta moi ben elaborada, posto que fai que non poidas parar de ler ata rematalo. Outro aspecto que cabe destacar é a complexidade dos seus personaxes, dispostos en todo momento a compartir as súas lembranzas co noso protagonista. Nesta novela, Agustín Fernández Paz consegue que os seus personaxes sexan máis reais que nunca debido a unha coidada utilización da linguaxe.

O estilo da obra é bastante fiel ao autor, con certos puntos de crítica social, notables en varias reflexións persoais do protagonista ao longo da historia. Esta novela ademais esta enriquecida con pequenas historias de carácter histórico como por exemplo o resumo da historia de Rosa Parks. A pesar do moito que me gustou a novela, hai algunhas cousas que na miña opinión están de máis. Por exemplo existe unha gran contradición no protagonista, porque ao principio pasa máis dun capítulo falando do que significa para el a súa muller e o moito que a quere, e logo cara ao final a engana coa súa moza da xuventude despois de confesar que non era a primeira vez. Outra cousa que non me gustou moito do libro é que era abundantemente descritivo, o que o facía ás veces un pouco pesado e mesmo aburrido. Finalmente, creo que a pesar de todo é unha novela totalmente recomendable, sen lugar a dúbidas é a mellor de todas as que lín en cursos pasados deste autor. **(Carmen)**

"Non hai noite tan longa" foi un libro que escollín grazas á portada, pois nela recoñecín a Rosa Parks. Era unha fotografía tomada un ano despois da súa detención e cando o Tribunal supremo dos EE.UU. declarou ilegal a segregación establecida nos autobuses de Alabama. Ao principio non entendía moi ben cal era a unión entre a historia da novela e a de Rosa Parks, pero cando rematas a lectura comprendes que tanto Rosa como o pai de Gabriel estaban fartos de ceder e, cada un no seu contexto, protestaron e acadaron os seus propósitos, porén o pai de Gabriel tivo que agardar trinta anos para ser escoitado e exculpado.

Gabriel é o protagonista e tamén o narrador, polo que é un narrador-protagonista cunha participación interna. A narración lévase a cabo en primeira persoa. Esta maneira de contar unha historia é a que máis me gusta e me introduce na historia, pois o que realiza os feitos é a mesma persoa que os narra. Unha cousa moi interesante é que a narración comeza directamente polo conflito, pero despois a trama xa coincide coa historia. É un moi bo método para atraer a nosa atención porque, por exemplo, neste caso a visión do pai morto de Gabriel é o primeiro que lees e desta maneira queres pescudar máis sobre como se chegou a esa situación. Este é o libro no que notei aos personaxes máis redondos, pois Gabriel realmente cambia moito de opinión e de visión durante a novela. A imaxe que ten do pobo no que se criou non é a mesma ao principio que ao final. Prevalece o estilo directo rexido e as analepses recordando os seus primeiros anos en París, pois moitas cousas desvélanse grazas ás historias que Gabriel lle conta á súa sobriña Milena. As escenas son abundantes, pois as conversas que ten Gabriel por mor das súas investigacións e coa súa irmá e pai, son a clave de toda a trama que se desenrola pouco a pouco dunha maneira moi ben pensada e plasmada coa escrita. O espazo principal é Monteverde, tanto cando a historia se desenvolve nos primeiros anos do século XX como cando o fai nos últimos anos da ditadura. Aínda así París tamén ten un certo protagonismo debido a que Gabriel vive alí dende os dezaioito anos, cando acusaron inxustamente ao seu pai de violación dunha rapaza. Paréceme moi afastada a idea de poder ir ao cárcere sen probas soamente por ser contrario ao réxime, pero a realidade non está tan lonxe e as historias como a do pai de Gabriel non é un caso único, senón que estaban á orde do día. Non me sorprende que o verdadeiro culpable se descubrixe con tanta facilidade e que fose partidario do réxime, pois a policía non investigara o caso e todo transcorreu moi rápido e sen explicacións. Gabriel recuperou a honra do seu pai e renovouse por dentro, os remorsos que levara consigo durante trinta anos desapareceron e puido volver a París coa conciencia tranquila, a pesares de ter enganado a súa muller cunha vella moza. O título do libro é o mellor posible pois é unha frase de Shakespeare que tamén é moi boa para a situación que vivimos nestes anos: "Reunide todo o ánimo que poidades. Que non hai noite tan longa que non remate en día." Outra cousa que me chamou moito a atención foi a maneira de poñer a data de edición do libro:

"A primeira edición de Non hai noite tan longa rematouse de imprimir no mes de abril de 2011. Corenta e dous anos antes, en 1969, Neil Armstrong pisou por vez primeira a superficie da Lúa, Samuel Beckett recibiu o Premio Nobel de Literatura e The Beatles ofreceron o seu derradeiro concerto, no tellado da casa discográfica que posuían en Londres." Nunca vira algo semellante en ningún libro e pareceume unha idea moi orixinal, só destinada ás persoas que, coma eu, teñen que ler todo o contido dun libro antes de rematalo por completo.

É un dos mellores libros de Agustín Fernández Paz, aínda que no meu caso todos os libros que lin deste autor gustáronme bastante. A maneira de escribir e os temas dos que tratan son os puntos fortes de todas as súas novelas e contos. (**Marta**)

Non hai noite tan longa é un libro que mostra a sociedade durante os anos da ditadura franquista e todas as inxustizas que se levaron a cabo neste período e que non teñen marcha atrás.

Este libro gustoume moito porque mestura historia con investigación e ficción. Como este libro trata da época do franquismo resultoume moi interesante, pero non se fixo pesado xa que a acción ocorre no presente. Gabriel, o protagonista, é un home que vive atormentado por non ir ao funeral do seu pai anos atrás, e cando morre a súa nai decide volver ao pobo e limpar a imaxe do seu pai dunha vez por todas. Para conseguilo investiga moitas cousas diferentes. Ao principio só ten a pista do avogado do seu pai pero a partir de ese momento é capaz de descubrir quen cometeu realmente o crime do cal culparon ao seu pai anos atrás. Non remato de entender ao personaxe de Gabriel xa que primeiro di que bota moito de menos á súa muller e ás súas fillas e logo engana á muller coa súa moza do instituto. Tamén penso que Gabriel cambia moito dende que marcha de Monteverde ata que volve para atopar a verdade. Cando marcha do pobo é unha persoa que ten medo a todo o que poidan dicir del no pobo e decide marchar. Cando volve está decidido a atopar ao culpable sen importarlle nada máis. O que máis me gustou deste libro é que mantén a intriga ata o final xa que parece que a historia non remata nunca porque as pistas sempre o levan a descubrir algo máis ata que atopa ao culpable. Outro aspecto que me gustou é que mostra como moita xente inocente puido ser acusada de feitos que en realidade non fixeron polo simple feito de ser contrario ao réxime franquista. Ademais mostra como naquela época facían calquera cousa para conseguir que unha persoa declarase algo que en realidade non era certo.

O libro está escrito cun vocabulario sinxelo, polo que é moi fácil de ler. Ademais é unha narración na que o narrador é Gabriel, o protagonista. Por último quero destacar que tamén hai moitas descrições que axudan a imaxinar como ocorreron os sucesos e grazas a estas descrições Gabriel pode chegar ata a verdade. Gustoume moito o detalle da frase de Shakespeare que define moi ben a situación que se narra no libro e ademais pódese aplicar a moitas outras cousas. (**Elena**)

Debo recoñecer que antes de ler o libro non escoitara falar del. O que me levou a collelo non foi máis que o nome que viña enriba da cuberta frontal deste, Agustín Fernández Paz, escritor galego de moita sona. Tiven o gusto de poder ler varias obras deste escritor tempo atrás, as cales non me decepcionaron. Pois ben, "Non hai noite tan longa" tampouco o fixo. Comezarei o meu análise co título da novela, o cal é parte dunha moi coñecida frase de William Shakespeare: "Non hai noite tan longa que non remate en día". Para noites longas, atopamos ao pai do noso protagonista, Gabriel, o cal agardou trinta anos esperando que a súa memoria fose vingada. "Non hai noite tan longa amósanos unha historia sorprendente, na que o protagonista trata de demostrar a inocencia do seu pai, condenado inxustamente no réxime franquista. A continuación relatarei un breve resumo desta historia.

Gabriel Lamas recibe a noticia da morte da súa nai pola súa irmá Elsa. Naquel momento as súas pantasma amósanse na súa cabeza. Recordo o momento da fuxida da súa aldea natal (Monteverde), trinta anos atrás por unha situación que non foi quen de afrontar. O seu pai condenado por un delito que non cometera e toda a vila en contra da familia. A covardía apoderouse del e fuxiu a Francia. Agora, atopábase nunha encrucillaba, ía ao enterro da nai ou quedábase. Tras darlle algunhas voltas decide que o mellor é ir alí a despedir por última vez á nai e non deixar soa a súa irmá, como xa fixera. No seu retorno a Monteverde sucédelle algo que cambiará o seu destino: Atópase coa pantasma do seu pai, que lle di que leva esperándoo dende que morreu, tras a condena. Isto lle marca e fai que Gabriel volva a Monteverde co obxectivo de vingar a memoria do pai e demostrar a súa inocencia. Gabriel instálase nun piso da vila e comeza a investigar os sucesos acontecidos arredor daquel estraño xuízo que levou ao seu pai ó cárcere. Consegue falar co avogado que lle defendera, o cal lembraba perfectamente aquel xuízo, que constituíu unha terrible inxustiza. O pai de Gabriel tiña fama de republicano e en certa maneira, condicionou que fora acusado. Ademais do avogado, Gabriel fala con algúns dos seus amigos da infancia, que lle axudan na procura de datos para clarificar a situación. Pero a clave de todo a atopa ao descubrir que o suposto violador conseguira o seu propósito con outras rapazas. Gabriel entrevistase cunha delas e consegue os datos definitivos sobre o verdadeiro autor do crime, que era un mozo arrogante de familia acomodada naquel momento ao que Gabriel coñecía por ser habitual na cafetería onde traballaba. Tras localizar o seu paradoiro, acude a el cunha cita para tratar temas de negocio, pero o que realmente fai é descubrirlle a realidade, tendo que asumila. Tras isto, Gabriel vaise e entrégalle a crónica da súa investigación aos seus achegados e mais aos medios, esperando que o culpable pagara por todo o que fixera. Paralelamente a isto, o protagonista crea vínculos coa súa sobriña Milena, coa que sintoniza moi ben e actúa como a súa confidente.

O narrador da historia é o propio Gabriel. É dicir, temos un narrador interno como protagonista da historia. Poderíamos considerar tamén como pernoaxes principais á súa irmá Elsa e á sobriña Milena e como secundarios a todas as persoas que lle axudan a Gabriel na súa procura da verdade, así como a súa muller e fillas. A maioría destes presentan evolucións, polo que poderíamos caracterizalos como redondos. O tempo da novela é o pasado recente. A historia transcorre no ano 2002, aínda que os sucesos en torno aos cales xira esta son de trinta anos antes. Por outra parte, o espazo é maioritariamente a aldea galega de Monteverde, lugar onde acontecen a maioría dos sucesos. Tamén hai outras zonas sen maior relevancia, en partes de Galicia e incluso París, lugar de residencia do protagonista.

Dende a miña opinión é un libro a ter en conta. O certo é que me gustou bastante e a medida que avanzaba a historia tiña ganas de seguir para chegar ata o que sería a revelación do que sucedera, de maneira que logrou engancharme. Gustaríame tamén mencionar dous puntos que me chamaron a atención positivamente: -A figura da sobriña, Milena, que é un personaxe que ten máis relevancia da que asemella. A súa paixón pola lectura e a cultura, e aquel momento no que explica o suceso de Rosa Parks, que coincide coa portada do libro, defendendo o que fixo, agradoume moito. -Por outra banda todo o esforzo que pon unha persona cando vense na obriga moral de facer algo, que é o que fai Gabriel pola memoria do seu pai. Agradame ese espírito de loitar ata o final.

Aínda que na súa xeneralidade o libro está moi ben planeado ten un erro do que calquera lector daríase conta. O protagonista, ao cal lle din antes os valores de esforzo e superación,

engana á súa muller durante a súa estancia en Monteverde. Este feito non cala nada co personaxe, e, ao meu xuízo, aquel pasaxe non debería estar escrito. (**Carlos**)

“Non hai noite ton longa” é unha ampla novela na cal nos pomos na pel dun personaxe que xurou nunca volver a Galicia, trátase de Gabriel, un home que vive en París despois de fuxir da súa casa fai xa trinta anos. Tras a súa lectura, podo dicir con certeza que se trata dunha das mellores obras de Agustín Fernández Paz xa que é capaz de manter a intriga do caso a redor do cal xira toda a historia. Un dos detalles que máis me enganhou e que máis me gustou foi a relación coa súa sobriña Milena que ao igual que el, é unha gran lectora. Ao longo da historia, Gabriel e Milena falan sobre temas moi variados: dende política ata cales son os seus libros favoritos e de onde provén o nome que Elsa que, a súa irmá, lle puxo cando naceu. Así mesmo, hai cousas dentro da historia que non me gustaron tanto ou que me afastaron da idea central desta como é o caso do encontro amoroso no hotel de Gabriel e Milucha, unha amiga da súa infancia. Na miña opinión este acontecemento o único que fai é desviarnos da historia mais, como a historia he moi longa e as acción transcurren de forma moi seguida, igual o autor quixo facer unha pausa narrativa e recordar o amor de ámbolos personaxes e o desexo de Milucha por estar co seu amigo da infancia. O final da historia é bastante predicible unha vez que sabemos que é o culpable de que o seu pai pasara varios anos na cárcere por un delito que non cometera; o protagonista escribe os acontecementos que lle permitiron levar a cabo a súa investigación e lle da unha copia a diversas persoas entre as cales se encontran a súa nai e a súa irmá. Outro detalle que hai na relación entre Gabriel e Milena é que o protagonista decide contarlle el en persoa cada unha destas pequenas historias ó que a súa sobriña está moi agradecida. Como conclusión podo dicir que é unha novela extraordinaria que trata temas moi diversos que non para de sorprenden o lector a medida que avanza na súa lectura. (**Adrián**)